

Plan DigiTalent Actividades do segundo trimestre do 2022

Actividades escolares do día de Internet
Mellorar a visión das novas tecnoloxías da mocidade e visibilizar a fenda dixital das persoas maiores a través de actividades lúdico-formativas.

Retorna dixital
Iniciativa para atraer galegos e galegas do sector TIC de volta a Galicia, ofrecéndolles a oportunidade de comezar unha nova carreira profesional.

Tecnólog@ por un día
Actividade onde os participantes teñen contacto con profesionais do sector dixital a través de inmersións en proxectos reais.

Webinars TransformaTech Sessions – Profesional
Ciclos de webinars sobre tecnoloxías disruptivas na sociedade dixital impartidas polos profesionais das entidades colaboradoras adheridas á iniciativa.

Webinars TransformaTech Sessions – Talento Xove
Ciclos de webinars sobre tecnoloxías disruptivas na sociedade dixital impartidas polos profesionais das entidades colaboradoras adheridas á iniciativa.

Digicraft no teu cole
Programa para a formación e reforzo das habilidades dixitais a través do xogo dirixido ao alumnado de educación primaria nos centros educativos.

Visitas ao Data Center
Visitas guiadas polos profesionais de Altia ao seu centro de servizos xestionados do Data Center de Vigo, que conta con 400 m² de salas técnicas.

Altia Gentech
Conversas entre o alumnado e profesionais do sector TIC que expoñen a súa experiencia dende unha perspectiva real e inspiradora.

Altia Techday
Workshops para achegar coñecementos en tecnoloxías a futuros profesionais con ferramentas que son base para proxectos reais.

AltiaStaging
Propostas de diversos TFG e TFM a alumnado das facultades de informática ideados co obxectivo de realizar un traballo innovador e con proxección.

Altia FP Dual
Aproximación da empresa á FP, alternando estancias formativas no centro de formación e na empresa ata rematar, obtendo o ciclo de FP Dual.

Observatorio DXC
Programa de colaboración coa USC para o desenvolvemento de proxectos de fin de estudos baixo titorización, cun premio ao mellor traballo.



LENDA



Iniciativas destinadas á infancia e adolescencia




Iniciativas destinadas aos novos perfís dixitais

Preme nas iconas das actividades para acceder a máis información



Plan DigiTalent Actividades do segundo trimestre do 2022

	DXC Iberia Codes Concurso de programación de Scratch por parellas seguindo unha pauta e unha temática establecida sobre o cambio climático.
	VI Hackathon CEIN Big Data e Analytics Evento de busca dunha solución a un reto enfocado a analistas, persoas emprendedoras e universitarias con inquietudes no ámbito do Big Data e Analytics.
	Curso de Robótica Obradoiro lúdico-formativo onde se introduce aos máis pequenos na programación de robots a través do xogo.
	Congreso JENUI Foro de debate no que presentar temas e enfoques innovadores orientados a mellorar a docencia da Informática nas universidades.
	Premio ao mellor TFG aplicado Colaboración entre NTT Data e a UDC para a elección do "Premio ao mellor traballo fin de grao" dos estudantes da FIC da Coruña.
	Actividades nos Foros de Emprego universitarios Iniciativas para achegar a estudantes e titulados/as das universidades galegas ás empresas do sector TIC.
	Cátedra R en ciberseguridade Ampliar os coñecementos, técnicas e habilidades dos membros da comunidade universitaria e doutros profesionais no eido da ciberseguridade.
	Museo didáctico das telecomunicacións Visitas dinámicas que fan un percorrido pola historia da telefonía e as comunicacións.
	Taller Iluminación LED Sesión introdutoria á tecnoloxía LED dentro do ámbito enerxético como tecnoloxía do futuro da iluminación.
	Taller Robótica colaborativa Taller para promover entre o alumnado a robótica colaborativa, seguridade en máquinas e relación entre máquina e persoa.
	Taller Deseño e impresión 3D Obradoiro sobre o desenvolvemento industrial dun produto, o papel do pretest, facendo un percorrido polas técnicas de prototipos ao longo do tempo.
	Mentoring Day O alumnado estará acompañado dun profesional que lle amosará as labores, interaccións entre áreas e a importancia do traballo no produto final.



LENDAS



Iniciativas destinadas á infancia e adolescencia



Iniciativas destinadas aos novos perfís dixitais

Preme nas iconas das actividades para acceder a máis información

